CONCURSO ESCOLAR 2026-2027 SOBRE CONSUMO RESPONSABLE

# Consumópolis 2026-2027

## *TRANSPARENCIA E SEGURIDADE PARA A PROTECCIÓN DAS PERSOAS CONSUMIDORAS*

**DOCUMENTO DE AXUDA**

Estimado amigo / Estimada amiga:

Este documento resolve as dúbidas máis frecuentes que poidan xurdir ao longo do concurso e que che permitirán gozar ao máximo desta grande aventura pola cidade do Consumo Responsable.
Se, despois de ler o texto, tes algunha pregunta, podes poñerte en contacto connosco no correo electrónico: consultas.consumopolis@consumo.gob.es

## CONSIDERACIÓNS PREVIAS

### 1. Contrasinais

Lembrar os contrasinais (tanto o do equipo como o teu propio) é fundamental para o desenvolvemento de todo o xogo. Memorízaos ou, se cómpre, anótaos nalgures fóra do alcance de calquera persoa. Os contrasinais son persoais e privados, polo que che aconsellamos que non llos comuniques a ninguén. De se coñecer os contrasinais dos compañeiros de equipo, deberase actuar con prudencia e non os divulgar fóra do grupo.

### 2. Correo electrónico dos profesores

Ao te rexistrar, pon especial coidado ao cubrir o campo Correo electrónico. Un erro en calquera dos caracteres impedirá que recibas a información correspondente, como a confirmación do propio equipo, os boletíns informativos ou outras notificacións que a organización considere oportunas.
Por favor, comproba que o correo electrónico que escribiches é correcto, letra por letra, antes de confirmalo.
*Tanto os contrasinais como os enderezos de correo electrónico, ademais doutros datos, poden ser modificados ou corrixidos posteriormente, pero sempre é un esforzo e un atraso extra que se pode evitar se se teñen en conta estas mínimas medidas de seguridade.

## PREGUNTAS FRECUENTES

### 1. Que é Consumópolis?

Consumópolis é o concurso escolar que organizan a Dirección Xeral de Consumo e as comunidades autónomas de Andalucía, Aragón, Principado de Asturias, Illas Baleares, Canarias, Castela-A Mancha, Cantabria, Estremadura, Galicia, A Rioxa, Rexión de Murcia, Comunidade de Castela e León, Comunidade de Madrid, Comunidade Foral de Navarra e Comunidade Valenciana para o curso escolar 2026-2027. Consumópolis 2026-2027 ten como temática xeral a transparencia e a seguridade para a protección das persoas consumidoras e está dirixido á mocidade matriculada no terceiro ciclo de Educación Primaria e en todos os cursos de Educación Secundaria Obrigatoria, incluídos os cursos de Formación Profesional Básica.

As actividades do concurso desenvolveranse a través da plataforma informativa de Consumópolis, cuxo enderezo é https://consumopolis.consumo.gob.es/. Nela pódese seleccionar, entre as linguas oficiais do Estado (castelán / catalán / galego / éuscaro / valenciano), a que se desexe para participar no concurso.

## 2. Onde podo atopar as instrucións para participar en Consumópolis?

Na páxina principal do concurso, a mesma onde se atopa este documento de axuda, hai un acceso denominado Instrucións onde se detalla a mecánica de todas as partes do concurso.

## 3. Quen, como e onde se deben rexistrar os equipos que queiran participar?

O profesorado é o único autorizado para rexistrar equipos. Existe unha sección habilitada expresamente para iso, «Inscrición», na que a persoa docente deberá cubrir o cuestionario con todos os datos solicitados. Posteriormente, recibirá un correo electrónico mediante o cal poderá crear o seu contrasinal e validar a súa conta para que o seu equipo poida comezar a xogar.

## 4. Cantas persoas poden formar un equipo?

Cada equipo estará integrado por 5 alumnos e alumnas do mesmo nivel escolar de participación e mais unha persoa docente que será responsable da coordinación ao longo de todo o concurso.
En ningún caso se admitirán equipos cun número diferente de cinco participantes. No caso de que algún docente teña equipos cun número inferior, poderá completar o grupo con alumnado doutras clases, sempre dentro do mesmo ciclo escolar.

No caso dos Colexios Rurais Agrupados (CRA) que, polas súas especiais circunstancias xeográficas ou demográficas, teñan dificultades para formar equipos unicamente con alumnado do Terceiro Ciclo de Primaria, eses equipos poderán completarse con alumnado dos demais ciclos de Primaria.
Un docente pode coordinar un ou varios equipos, do mesmo nivel ou de niveis diferentes. Por exemplo, pode coordinar un grupo de 5.º de Primaria e dous de 2.º da ESO.
O alumnado só pode formar parte dun equipo.

## 5. Cadro resumo de fases e datas

| Fase | Inicio | Fin |
|---|---|---|
| Acceso de coordinadores | 05/10/2026 | 15/04/2027 |
| Inscrición web | 05/10/2026 | 01/03/2027 |
| 1.ª parte (10 probas) | 05/10/2026 | 18/03/2027 |
| 2.ª parte (traballo en equipo) | 05/10/2026 | 07/04/2027 |
| 2.ª parte (exposición de traballos) | 15/04/2027 | |

## 6. Que ocorre se algún dos meus alumnos ou das miñas alumnas non pode finalizar a súa participación?

Se, por causas de forza maior, un membro do equipo tivese que abandonar o concurso, poderá ser substituído por outro, previa aceptación da organización, que dará as instrucións precisas para proceder á inscrición do novo membro do equipo.
O novo alumno ou alumna que substitúa a persoa anterior continuará na mesma fase do percorrido de casas na que esta o deixou. É dicir, non comezará o percorrido desde a primeira casa e contará cos puntos que a persoa anterior acadase ata ese momento.

Se o cambio de alumno ou alumna se produce unha vez rematada a primeira fase do concurso, co percorrido xa finalizado, a nova persoa xogadora contará igualmente con todos os puntos obtidos pola persoa anterior e poderá realizar a segunda fase, Traballo en equipo, xunto co resto do equipo.
Só se permite un cambio de alumno ou alumna por equipo.

### 7. Rexistrei o meu equipo, pero non recibín ningún correo electrónico de confirmación. Que debo facer?

En condicións normais, se se rexistrou un equipo completo e o sistema indicou que se fixo correctamente, debería chegar un correo electrónico ao enderezo indicado nos datos de inscrición para que se revise e se valide.
No caso de que non chegue ese correo electrónico, deberá escribirse ao correo electrónico de consulta da organización, indicando que non se recibiu a confirmación, xunto co nome dado ao equipo e o centro escolar correspondente. Lembramos que o enderezo é consultas.consumopolis@consumo.gob.es. En moitas ocasións, este problema débese a un erro ortográfico no rexistro do correo electrónico; nese caso, a mensaxe nunca chegará porque o enderezo indicado non existe.

### 8. Non lembro o meu contrasinal, como podo recuperalo?

No apartado «Acceso de coordinadores», o profesorado pode acceder a todos os datos dos seus equipos e do alumnado. Entre eses datos están os contrasinais.
Se un alumno ou alumna esquece o seu contrasinal, deberá informar ao profesorado do sucedido, que lle lembrará o contrasinal.
Se un profesor ou profesora esquece o contrasinal, deberá enviar directamente un correo electrónico a consultas.consumopolis@consumo.gob.es explicando que esqueceu o seu contrasinal ou que, por calquera motivo, non funciona. Nun prazo aproximado de 48 horas recibirá un recordatorio co seu contrasinal.

### 9. Estou escribindo ben o meu contrasinal, pero o sistema dime que é incorrecto. Que fago?

Como no caso anterior, o alumno ou alumna deberá informar ao profesorado para que confirme se o contrasinal que está a escribir é correcto. Se se trata dun profesor ou profesora, deberá enviar un correo electrónico a consultas.consumopolis@consumo.gob.es indicando o seu nome, o seu correo electrónico e o contrasinal que está a utilizar. Desde a organización revisaremos todos os datos e comprobaremos onde está o posible erro.
Ás veces, ao configurar o contrasinal, poden quedar espazos en branco ou intercambiarse caracteres, polo que o sistema indicará que existe un erro.

### 10. Non me gusta o meu contrasinal, podo cambialo?

Non. Só se realizará un cambio de contrasinal nun caso comprobado de suplantación de identidade ou se, por problemas informáticos, algún dos caracteres produce algún erro.

### 11. Non quero participar no concurso, pero quero utilizar Consumópolis co meu alumnado. É posible?

Si. O acceso á plataforma para o profesorado que non queira participar no concurso estará dispoñible a partir do 08/04/2027 ata o inicio da seguinte edición de Consumópolis.
Permite que o profesorado e o alumnado accedan ao percorrido e ás distintas preguntas e probas de Consumópolis unha vez rematado o concurso.
Para acceder ao percorrido libre, o profesorado e o alumnado que xa estaban rexistrados poderán volver entrar co mesmo usuario e contrasinal. No caso de non estaren rexistrados, deberán seguir as instrucións de inscrición do punto 3 do documento de instrucións.

*IMPORTANTE: A puntuación obtida no percorrido de Consumópolis fóra das datas do concurso non se terá en conta.

### 12. Cal é o sistema de puntuación?

A cidade virtual de Consumópolis ten dez probas que o alumnado debe realizar. Non hai unha orde específica; o alumnado pode entrar nas probas na orde que desexe.
Para completar a primeira parte, é necesario que o alumnado puntúe en cada unha das dez probas:

- BOA MEMORIA
- DICIONARIO
- BLACK FRIDAY
- OS MEUS COLEGAS
- VERDADEIRO OU FALSO
- O QUILOVATIO
- RECARGA O MÓBIL
- CONECTADOS
- O ROSCO
- 5 CARTAS CONTRA MR. CLICK

IMPORTANTE: o alumnado pode volver entrar en cada unha das dez probas as veces que queira para mellorar a súa puntuación e, por tanto, a do seu grupo.
A puntuación máxima total por alumno ou alumna e por proba é de 2.500 puntos.
A puntuación máxima total por alumno ou alumna ao finalizar as dez probas é de 25.000 puntos.

Os cadros que aparecen na viñeta de acceso a cada unha das probas simbolizan a puntuación obtida na proba.
- 0 cadros se a puntuación é 0.
- 1 cadro se a puntuación está entre 1 e 500 puntos, ambos os dous incluídos.
- 2 cadros se a puntuación é superior a 500 puntos.
- 3 cadros se a puntuación é superior a 1.000 puntos.
- 4 cadros se a puntuación é superior a 1.500 puntos.
- 5 cadros se a puntuación é superior a 2.000 puntos.

### 13. Que ocorre se algún membro do equipo non respondeu a todas as preguntas, pero o resto do equipo si o fixo?

Este equipo non superará a primeira fase. Para completar a primeira parte, é necesario que o alumnado puntúe en cada unha das dez probas.

### 14. Como podo converterme en «Consumidor Experto» ou «Consumidor Mestre»?

Na primeira parte do concurso (10 probas) o alumno ou a alumna pode obter certas vantaxes se acada:

**19.000 puntos totais: o alumno ou alumna convértese en «Consumidor Experto».**
- O seu avatar loce unha medalla de prata.
- O seu avatar, xunto co nome de usuario, estará visible durante unha semana na páxina de inicio do concurso.
- O seu avatar dispón de novas posibilidades de configuración.

**22.000 puntos totais: o alumno ou alumna convértese en «Consumidor Mestre».**
- O seu avatar loce unha medalla de ouro.

- O seu avatar, xunto co nome de usuario, estará visible durante unha semana na páxina de inicio do concurso.
- Gaña 1.000 puntos.

### 15. Onde podo descargar a ficha virtual?

A ficha virtual pode descargala o persoal docente desde Acceso de coordinadores. Só se pode descargar cando o traballo estea enviado.
Unha vez descargado, o traballo non se pode modificar.

### 16. Como podo poñerme en contacto co organismo competente da miña comunidade autónoma?

Na páxina principal do concurso, a mesma onde atopaches este documento de axuda, atoparás un acceso denominado Teléfonos e enderezos dos organizadores, onde se recollen os datos necesarios para poñerte en contacto co organismo competente da túa comunidade autónoma ou coa Dirección Xeral de Consumo, se é preciso.